

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**4121** Orde PRE/450/2011, do 3 de marzo, pola que se modifica o anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal.

O Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, incorporou ao noso ordenamento a Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de maio de 2002, sobre substancias indesexables na alimentación animal.

Os valores máximos permitidos de determinadas substancias indesexables na alimentación animal foron modificados pola Directiva 2010/6/UE da Comisión, do 9 de febreiro de 2010, pola que se modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, polo que respecta ao mercurio, ao gosipol libre, aos nitritos e Mowrah, Bassia e Madhuca, que suprimiu, así mesmo, a entrada 32, correspondente ás substancias Mowrah, Bassia e Madhuca.

Mediante esta orde incorpórase a Directiva 2010/6/UE da Comisión, do 9 de febreiro de 2010, a través da modificación dos números 4, 5 e 9 da parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, e a supresión do seu punto 32.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, hoxe de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e o ministro de Sanidade e Consumo, hoxe de Sanidade, Política Social e Igualdade, para que, no ámbito das súas respectivas competencias, logo do informe preceptivo da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición, adopten as disposicións necesarias para o desenvolvemento das previsións dese real decreto e para a actualización ou inclusión de novos anexos como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e da de Sanidade, Política Social e Igualdade, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal.*

A parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal, queda modificada da seguinte maneira:

Un. Os números 4, 5 e 9 substitúense polos correspondentes incluídos no anexo desta orde.

Dous. Suprímese o punto 32. Mowrah, Bassia, Madhuca-Madhuca longifolia (L.) Macbr. (=Bassia longifolia L. = Illiped malabrorum Engl.) Madhuca indica Gmelin (= Bassia latifolia Roxb.) = Illipe latifolia (Roscb.) F. Mueller).

Disposición derradeira primeira. *Incorporación do dereito comunitario ao dereito nacional.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento interno a Directiva 2010/6/UE da Comisión, do 9 de febreiro de 2010, pola que se modifica o anexo I da Directiva 2002/32/CE do Parlamento Europeo e do Consello, polo que respecta ao mercurio, ao gosipol libre, aos nitritos e Mowrah, Bassia e Madhuca.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 3 de marzo de 2011.–O ministro da Presidencia, Ramón Jáuregui Atondo.

### Anexo

#### Modificación da parte A do anexo do Real decreto 465/2003, do 25 de abril, sobre as substancias indesexables na alimentación animal

«Substancias indesexables»	Produtos destinados á alimentación animal	Contido máximo en mg/kg (ppm) en pensos, referido a un contido de humidade do 12 %
(1)	(2)	(3)
4. Mercurio (h) (i)	Materias primas para a alimentación animal, agás: – Pensos producidos mediante a transformación de peixe ou outros animais acuáticos. – Carbonato cálcico.  Pensos compostos (complementarios e completos), agás: – pensos minerais – pensos compostos para peixes – pensos compostos para cans, gatos e animais de peletaría	0,1 0,5 0,3  0,1 0,2 0,2 0,3
5. Nitritos	Materias primas para a alimentación animal, agás: – fariña de peixe – ensilado  Pensos completos, agás: – pensos completos para cans e gatos cun contido de humidade superior ao 20 %	15 (expresado en nitrito de sodio) 30 (expresado en nitrito de sodio) – 15 (expresado en nitrito de sodio) –
9. Gosipol libre	Materias primas para a alimentación animal, agás: – sementes de algodón – tortas de sementes de algodón e fariña de sementes de algodón  Pensos completos, agás: – pensos completos para bovinos adultos – pensos completos para ovinos (agás años) e caprinos (agás cabritos) – pensos completos para aves de curral (agás galiñas poñedoras) e xatos – pensos completos para coellos, años, cabritos e porcos (agás leitóns)	20  5000 1200  20 500 300 100 60

(h) Os niveis máximos refírense ao mercurio total.

(i) Os niveis máximos refírense a unha determinación analítica do mercurio en que a extracción se leva a cabo en ácido nítrico (5 % p/p) durante 30 minutos a punto de ebulición. Pódense aplicar procedementos de extracción equivalentes sempre que estea demostrada unha eficacia de extracción semellante.».